

PASE ÚNICO EN NUMAX: 04.03.2019 | V.O.S.E.

*RBG* (2018, 97')

**Dirección:** Julie Cohen, Betsy West

**Guión:** Julie Cohen, Betsy West

**Participación:** Ruth Bader Ginsburg, Gloria Steinem, Nina Totenberg

**Son:** Evan Benjamin

**Montaxe:** Carla Gutiérrez

**Música:** Miriam Cutler

**Fotografía:** Claudia Raschke

**Produtora:** CNN Films, Storyville Films (EEUU)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.78:1

**Idioma orixinal:** Inglés

#### PREMIOS E FESTIVAIS

BAFTA 2018 (Nomeado a mellor documental), National Board of Review 2018 (Mellor documental)

#### SINOPSE

Aos seus 85 anos, a xuíza do Tribunal Supremo de EEUU, Ruth Bader Ginsburg (RBG), considerada da ala liberal da Corte do Supremo, desenvolveu un longo legado e converteuse nunha icona inesperada da cultura pop. Porén, a extraordinaria traxectoria persoal de Ruth na corte máis alta da nación foi en gran parte descoñecida. *RBG* explora a vida e a carreira de Ginsburg.

«Hai algo profundamente reconfortante en *RBG*, un documental que, como a súa protagonista, é eminentemente sobrio, educado e moi intelixente»

Leslie Felperin, THE HOLLYWOOD REPORTER

# OS OLLOS VERDES 18/19

## OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



## «Aproveitamos que era famosa para dar a coñecer a súa historia e a súa loita polos dereitos das mulleres»

**Entrevista a Julie Cohen e Betsy West**  
Por Kate Harloe

### Concibistes este filme ao redor de 2015. Que o inspirou? Julie Cohen:

Betsy máis eu entrevistáramos a Justice Ginsburg por outros proxectos no 2011 e no 2013. Xusto despois ela emerxeu como unha gran estrela do rock. O documental estaba agardando a ser feito, a historia estaba aí e non era un segredo. Había xente que xa estaba familiarizada coa historia, pero o público xeral non oíra moito. Iso foi o que escoitamos nos visionados previos á estrea, nos festivais, e tamén entre a xente da política, que dicían «Uau! Non sabía nada disto». As historias das mulleres, cada vez se van coñecendo máis, pero ata agora non tiñan sido recoñecidas da maneira en que deberían.

### Cando xa tiñades a idea e vos achegastes a ela, abriuse a vos inmediatamente ou como foi o proceso? Betsy West:

A noite pasada estaba no cinema e había un grupo de mulleres avogadas que estaban dicindo «Cando estudaba Dereito nos setenta non tiña nin idea de que isto pasara». Iso foi o que me pasou a min. Non tiña nin idea de que Ruth Bader Ginsburg estivese levando eses casos nin facendo ese tremendo papel para cambiar a nosa sociedade, levando a xustiza ás mulleres. Nos últimos anos tivemos a oportunidade de coñecer a súa figura en internet. Se a colles e a desvistes, podes atopar a súa historia real. Comezamos escribindolle unha carta moi detallada. Justice Ginsburg é coñecida por escribir, corrixir e ser unha filóloga de primeira orde. Así que redactamos a carta e enviámoslla. Axiña nos chegou a resposta, que dicía, «Non aínda.». Era 2015, e tiña 82 anos. Dixemos «Se non é agora, cando?» pero tamén pensamos «Non aínda non é non». Falamos con colegas dela, antigos compañeiros e amigos. Tentamos un novo achegamento meses despois. Fixemos un listado da xente a entrevistar e unha

investigamos cales foran as figuras clave na súa vida. Enviámosllo e respondeu rapidamente «Creo que non estarei preparada para que me entrevistedes ata dentro de dous anos». Pareceunos moito tempo, pero escribiu: «Se ides falar con xente, ao mellor vos gustaría falar con...» e nomeou tres persoas, os nomes dos seus biógrafos oficiais, que estiveran traballando sete anos nun libro. Así que dixemos «Vale. Está dentro. Imos aló».

### Foi un proceso moi gradual. JC:

Foino. Facíamos chistes sobre como nos aproximábase paso a paso a ela. Aguantando o xogo ata o final. Tratábase de amosarlle que eramos xente seria. Entrevistamos os seus antigos compañeiros de clase e as testemuñas dos seus primeiros casos, só para amosarlle que íamos en serio. Queríamos deixar claro que non buscábamos gravar unha hora e media de «Ai, é tan famosa. Non é xenial?». Aproveitamos iso para que a xente coñecese a súa historia e soubese da súa loita polos dereitos das mulleres.

### Cando por fin chegastes a ela, canto tempo compartistes? BW: 20 horas? JC:

A maioría foi nas súas audiencias. BW: Audiencias e seguila á ópera e coa súa familia de vacacións. Observábase o que pasaba e algunhas veces interactuábase. «Ola, Justice Ginsburg!» JC: «Aquí estamos coas nosas cámaras! Aquí!»

### Unha das cousas que vemos no filme é as xornadas tolas que tiña e tivo durante moito tempo. Tivestes consciencia disto mentres filmabades? BW:

Totalmente. É unha muller moi ocupada. Os xulgados son moi demandantes e ela é coñecida por facelo todo e ser unha das xuízas máis preparadas. Le todo, está sempre facendo preguntas incisivas. Tamén pasa horas e horas percorrendo o país para falar de leis nas escolas, nas asociacións, e saca tempo para concertos e óperas. JC: Non quere perder ningunha actividade cultural. En Sundance, Nina Totenberg preguntoulle cales eran os seus filmes modernos favoritos e dixo «Esta semana, vin...» e nomeou *Tres anuncios nas aforas* e *Call Me By Your Name*.

Publicada en motherjones.com  
Tradución: Olalla Cociña

### AS DIRECTORAS

Besty West é unha produtora e directora coñecida por *Makers: Women Who Make America Video Archive* (2012) e *The Lavender Scare* (2017). Julie Cohen é tamén produtora e directora, e os seus traballos máis coñecidos son *The Sturgeon Queen* (2014) e *American Veteran* (2017).

### OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX* proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)